

Arquidiócese de
Santiago de Compostela



Sínodo
2021
2023

fase diocesana

Por unha Igrexa sinodal
comuñón | participación | misión

Estamos a percorrer este
camiño sinodal na
Arquidiócese de Santiago
VEN connosco a



Guía de traballo con
GRUPOS E COMUNIDADES ECLESIAIS

“Fago unha chamada a todos os diocesanos, nenos, novos e adultos, a quen traballades na investigación e na docencia, no mar, na industria ou no campo, aos sacerdotes, membros de vida consagrada e laicos, e aos que vos sentides afastados da Igrexa, para que colaboredes na realización do Sínodo que é encontro de oración, reflexión e compromiso, fortalecendo a unidade na fe e a comunión na Igrexa diocesana.”

D. Julián Barrio,
Homilía Misa de Apertura da fase diocesana do Sínodo 2021-2023
17-X-2021



SESIÓN INICIAL

Sínodo = camiñar xuntos

É importante realizar unha primeira sesión do grupo nun contexto orante-celebrativo, nun ambiente distendido, que favoreza o diálogo e a escoita, tal vez cun chocolate quente, unha peregrinación, unha merenda... para motivar o proceso sinodal e explicar en que vai consistir, o estilo e a metodoloxía.

O responsable de moderar debe comentar ao grupo o **OBXECTIVO**, o porqué é tan importante e necesario que **PARTICIPEMOS** neste **PROCESO SINODAL**, que se recolla a nosa opinión, a nosa propia experiencia de fe e de sentirnos Igrexa.

Tamén é importante comentar as actitudes que debemos coidar e as trampas que cómpre evitar co fin de lograr ter reunións eficaces e unha experiencia frutífera.

PRESENTÁMONOS. Imos emprender un camiño sinodal (camiñar xuntos) e isto require que nos coñezamos creando confianza para vivir esta experiencia común. Teremos moi presente en todo este proceso ao Espírito, que é o que nos dará a humildade para escoitar e acoller a cada persoa, e a valentía para falar e propoñer camiños novos na vida da Igrexa.

Esta **PROPOSTA** nace da convocatoria de Francisco dun **Sínodo** en varias fases desde **2021 a 2023**. O Papa **CONVÍDANOS a PARTICIPAR** a homes, mulleres, nenos, novos e adultos de todo o mundo, para **EXPRESAR o noso sentir e pensar**, a nosa propia experiencia de Igrexa, e **DISCERNIR sobre o rumbo que a Igrexa debe tomar no momento actual** para crecer e facer camiño sempre en compañía, nunca en soídade. E por iso, pídenos que **ESCOITEMOS as inquietudes, opinións e propostas de TODAS AS PERSOAS** de todos os ámbitos da nosa sociedade que se sentan máis ou menos próximas á Igrexa, porque nos une un camiño: "humanizar a vida".

Para **transitar este camiño** é necesario preguntarnos á luz da Palabra de Deus e guiados polo Espírito Santo:

- Que debe coidar, impulsar e achegar a Igrexa neste século XXI -
- En que aspectos, trazos, ámbitos... debe cambiar -
- A que problemas sociais, políticos, económicos... debe estar máis atenta

Cada **OPINIÓ**n no grupo é moi valiosa, así que de antemán **MOITAS GRAZAS POR PARTICIPAR**, polo voso tempo e traballo. A vosa achega será escoitada na nosa Igrexa diocesana de Santiago de Compostela e recollida co resto de achegas para enviar á Conferencia Episcopal, unida ás síntesis que presentarán as outras dioceses españolas.

Por unha Igrexa sinodal

1 ORACIÓN: Comezamos invocando ao Espírito Santo coa oración proposta para este camiño sinodal a fin de pedir o don do discernimento.

2 Que é a SINODALIDADE? Camiñar xuntos á luz do Espírito. A sinodalidade, en palabras do Papa Francisco, é o modo de ser Igrexa, é o camiño que Deus espera da Igrexa do terceiro milenio. Seguindo a senda da renovación da Igrexa proposta polo Concilio Vaticano II, este camiño común é, á vez, un don e unha tarefa. Nunha reflexión conxunta sobre o camiño percorrido ata o de agora, quen formamos parte da Igrexa poderemos aprender das experiencias e perspectivas das demais persoas, tendo como guía ao Espírito Santo. Coa luz da Palabra de Deus e unidos na oración, poderemos discernir os procesos para buscar a vontade de Deus e seguir os camiños aos que Deus nos chama, cara a unha comunión máis profunda, unha participación máis plena e unha maior apertura para cumprir a nosa misión.

3 Á ESCOITA do Espírito desde a PALABRA DE DEUS

▶ **LECTURA** da Palabra de Deus: **Feit 2, 42-47**

▶ **REFLEXIÓN ORANTE COMPARTIDA** en grupo

Recoñeces á túa parroquia ou grupo eclesial nestas palabras? Que botas en falta?

4 Á ESCOITA do Espírito desde QUEN FALA

▶ **DIÁLOGO** en grupo

Facémonos eco das preguntas fundamentais nunha Igrexa sinodal que anuncia o Evanxeo e na que todas as persoas "camiñamos xuntas":

- **Como se realiza hoxe este "camiñar xuntos" na Igrexa Diocesana de Santiago de Compostela?** Compartimos tres experiencias da nosa Igrexa local (grupo, parroquia ou Diocese) que nos lembran este camiñar xuntos ou o vivir en comunión.
- Sinala dous trazos que definen a alegría desa/s experiencia/s e outros dous que concreten as dificultades e obstáculos que se atoparon.

5 CANCIÓN: "FOROFOS" de Hakuna (https://youtu.be/z8i_81UpSsU)

PRIMEIRA SESIÓN DE TRABALLO

Comunión

- 1 ORACIÓN:** Abertos ao Espírito Santo, invocámolo rezando a oración do sínodo.
- 2 CANCIÓN:** "SOMOS UNO" de Axel (<https://youtu.be/1MibkygUPLU>)
- 3 Que é a COMUNIÓN?** Deus reúne os nosos pobos distintos, pero cunha mesma fe, mediante a alianza que ofrece ao seu pobo. A comunión que compartimos atopa as súas raíces máis profundas no amor e na unidade da Trindade. Homes e mulleres temos un rol que desempeñar no discernimento e a vivencia da chamada de Deus a seu pobo.
- 4 Á ESCOITA do Espírito desde a PALABRA DE DEUS**
 - ▶ **LECTURA** da Palabra de Deus: **1Corintios 12, 12-27**
 - ▶ **REFLEXIÓN ORANTE COMPARTIDA** en grupo

Na túa parroquia ou no teu grupo, como se vive ese ser Corpo de Cristo, ser comunión?

- 5 Á ESCOITA do Espírito desde QUEN FALA**
 - ▶ **DIÁLOGO** en grupo destes 2 bloques sobre a vivencia da comunión:

Bloque 1: ACOMPAÑANTES DE VIAXE. A ACOLLIDA

Na Igrexa e na sociedade estamos no mesmo camiño, sempre con compañía, nunca en soidade. Na propia Igrexa de Santiago de Compostela, temos que facernos conscientes de con quen camiñamos e con quen debemos camiñar. Respondemos a estas dúas preguntas:

- a) Quen son os e as acompañantes de viaxe, é dicir, quen forman parte da nosa Igrexa? (senalamos un máximo de cinco colectivos/grupos)**

Comunión

(continuación)

b) **Quen deberían estar e estamos a deixar fóra?** (senalamos un máximo de cinco colectivos/grupos) **Que relacións mantemos cos irmáns e as irmás das outras realidades? Como realizamos a acollida?**

Bloque 2: CELEBRAR A FE E A VIDA

“Camiñar xuntos” só é posible sobre a base da escoita comunitaria da Palabra e da celebración da Eucaristía. A oración e a celebración litúrxica inspiran e orientan o noso “camiñar xuntos”, por iso é polo que nos preguntemos:


- a) **As celebracións da nosa comunidade axúdannos a vivir a fe na nosa vida?**
- b) **Como podemos mellorar na participación activa, nas linguaxes e símbolos, etc., das nosas celebracións? Que aspectos consideras necesarios para que as celebracións nos axuden na misión?**

6 DISCERNIMENTO

- ▶ **Que nos pide entón o Espírito? Que camiños se nos abren para a nosa Igrexa local con respecto ao tratado?**

Acordar as respostas para a síntese. (pódenos axudar escoitar a canción “Ven Espírito divino”: <https://youtu.be/FniE8RvWX68>)

7 ORACIÓN FINAL



SEGUNDA SESIÓN DE TRABAJO

Participación

- 1 **ORACIÓN:** Abertos ao Espírito Santo, invocámolo rezando a oración do sínodo.
- 2 **CANCIÓN:** "CUENTA CONMIGO" de Álvaro Fraila (https://youtu.be/gLz3l1eu_dg)
- 3 **Que é a PARTICIPACIÓN?** Unha chamada a quen pertencemos ao Pobo de Deus -laicos/as, consagrados/as e ordenados- para que nos comprometamos no exercicio da escoita profunda e respetuosa de toda persoa que nos fala. Esta actitude crea un espazo para escoitar comunitariamente ao Espírito Santo e guía as nosas aspiracións en beneficio da Igrexa do Terceiro Milenio. A participación baséase en que todas as persoas bautizadas estamos cualificadas e chamadas a servirnos reciprocamente a través dos dons que cada unha recibimos do Espírito Santo. Nunha Igrexa sinodal, toda a comunidade, na súa libre e rica diversidade, está chamada a rezar, escoitar, analizar, dialogar, discernir e aconsellar para tomar decisións pastorais que correspondan o máis posible á vontade de Deus. Hai que facer esforzos xenuinos para asegurar a inclusión de quen está nos márxenes ou sinten que non teñen lugar dentro dela.
- 4 **Á ESCOITA do Espírito desde a PALABRA DE DEUS**
 - ▶ **LECTURA** da Palabra de Deus: **Feit 10, 24-48**
 - ▶ **REFLEXIÓN ORANTE COMPARTIDA** en grupo

Que facemos para que os "que non cren", como Cornelio, participen na nosa comunidade?

- 5 **Á ESCOITA do Espírito desde QUEN FALA**
 - ▶ **DIÁLOGO** en grupo destes 2 bloques sobre como vivimos a participación:

Bloque 3: ESCOITAR E TOMAR A PALABRA

A escoita é o primeiro paso, pero esixe ter unha mente e un corazón abertos, sen prexuízos. Debemos ter en conta ademais o contexto social e cultural no que vivimos e ser conscientes das realidades coas que nos atopamos en "débeda de escoita". Por outra banda, todas as persoas estamos convidadas a falar con valentía integrando liberdade, verdade e caridade. Por todo isto, cuestionámonos:

Participación

Continuación

- a) **Sentimos que se nos escoita na Igrexa, nas parroquias, nas comunidades? Que “voces” pasan máis desapercibidas, son ignoradas ou se silencian? Que necesitamos coidar para ser unha “Igrexa da escoita”?** (tenta concretar para non caer en xeneralidades).
- b) Existen posibilidades, espazos, estruturas, dinámicas que faciliten e promovan o “tomar a palabra”, é dicir, expresarse, opinar e propoñer? **Como podemos promover a comunicación aberta e respetuosa, libre e construtiva nas nosas parroquias e comunidades?**

Bloque 4: PARTICIPAR E COMPARTIR RESPONSABILIDADES

A sinodalidade está ao servizo da misión da Igrexa, na que todas as persoas bautizadas estamos chamadas a participar. Respondemos a estas preguntas:

- a) **Sentes o apoio do resto da comunidade no servizo á sociedade: no compromiso social e político, na promoción da xustiza social, na cultura e educación, no mundo do traballo, en asociacións e ámbitos de exclusión, etc.?**
- b) **Como podemos crecer (pasos, vías,...) en participación e corresponsabilidade tanto na Igrexa como no compromiso social? Como podemos coidar o compromiso do laicado na sociedade?**

6 DISCERNIMENTO

- ▶ **Que nos pide entón o Espírito? Que camiños se nos abren para a nosa Igrexa local con respecto ao tratado?**

Acordar as respostas para a síntese. (pódenos axudar escoitar a canción: “Ven Espírito divino”: <https://youtu.be/FniE8RvWX68>)

7 ORACIÓN FINAL

TERCEIRA SESIÓN DE TRABALLO

Misión

- 1 **ORACIÓN:** Abertos ao Espírito Santo, invocámolo rezando a oración do sínodo.
- 2 **CANCIÓN:** "MISIÓN" de Mabelé (<https://www.youtube.com/watch?v=SA4FlhNGQ5Y>)
- 3 **Que é a MISIÓN?** A Igrexa existe para evanxelizarse. Nunca podemos concentrarnos en nós mesmos. A nosa misión é testemuñar o amor de Deus no medio de toda a familia humana. Este Proceso Sinodal ten unha profunda dimensión misioneira. O seu obxectivo é permitir á Igrexa que poida testemuñar mellor o Evanxeo, especialmente con aquelas persoas que viven nas periferias espirituais, sociais, económicas, políticas, xeográficas e existenciais do noso mundo.
- 4 **Á ESCOITA do Espírito desde a PALABRA DE DEUS**
 - ▶ **LECTURA** da Palabra de Deus: Xn 4, 5-15. 25-30. 39-42
 - ▶ **REFLEXIÓN ORANTE COMPARTIDA** en grupo

Cando as persoas se achegan á nosa Igrexa local dicindo "axúdame", como fixo a samaritana con Xesucristo, dámoslles só axuda material ou regalámoslles tamén a fe?

- 5 **Á ESCOITA do Espírito desde QUEN FALA**
 - ▶ **DIÁLOGO** en grupo dos 2 bloques sobre a tarefa e compromiso misioneiro:

Bloque 5: DIALOGAR NA IGREXA E NA SOCIEDADE

O diálogo é un camiño de perseveranza, que comprende tamén silencios e sufrimentos, pero que é capaz de recoller a experiencia das persoas e dos pobos, por iso é polo que nos preguntamos:

a) **Cales son aqueles espazos e formas de diálogo dentro da nosa Igrexa?** Como afrontamos na nosa Igrexa as diverxencias de visións, os conflitos e as dificultades?

Misión

Continuación

- b) **Cres que a Igrexa estamos preto e en diálogo coa nosa sociedade actual? Que experiencias de diálogo e tarefa compartida levamos adiante con quen ten outras crenzas?**
- c) **Sobre que aspectos importantes do noso mundo actual (cultura, economía, política, sociedade civil, etc.) cres que como Igrexa deberíamos facer un maior achegamento, ou esforzo de acollida e escoita? Que propostas de comunicación e diálogo ves necesarias coidar hoxe para levar a cabo a misión de evanxelización da Igrexa?**

Bloque 6: DISCERNIR E DECIDIR

Nun estilo sinodal decídese por discernimento, sobre a base dun consenso que nace da común obediencia ao Espírito. Reflexionamos e comentamos:

- a) **Promovemos a transparencia e a responsabilidade? Que experiencias de análise e reflexión, de procura conxunta e discernimento coñeces ou viviches na nosa Igrexa?**
- b) **Que espazos, ámbitos e actitudes son necesarios para favorecer este discernimento persoal e comunitario, na nosa Igrexa? Como podemos promover a participación nas decisións dentro da nosa comunidade cristiá?**

6 DISCERNIMENTO

- ▶ **Que nos pide entón o Espírito? Que camiños se nos abren para a nosa Igrexa local con respecto ao tratado?**

Acordar as respostas para a síntese. (pódenos axudar escoitar a canción: "Ven Espírito divino": <https://youtu.be/FniE8RvWX68>)

7 ORACIÓN FINAL

Sínodo = camiñar xuntos

SESIÓN FINAL

Experiencia de sinodalidade actual vivida

1 ORACIÓN: Comezamos invocando ao Espírito Santo coa oración proposta para este camiño sinodal a fin de pedir o don do discernimento.

2 Á ESCOITA do Espírito desde QUEN FALA

▶ **DIÁLOGO** en grupo

Compartimos o resultado desta experiencia de sinodalidade actual vivida nesta fase diocesana do Sínodo:

- Que experiencia de sinodalidade (camiñar xuntos) viviches ao longo deste proceso de reflexión e compartir? Como te atopaches?
- Compartimos unha aprendizaxe realizada, unha dificultade atopada e un soño alimentado.
- Que pasos nos convida a dar o Espírito? Sinala dúas propostas concretas e de futuro que che gustaría que se fixese na túa parroquia/zona/diocese na que poidas participar.

3 REVISIÓN: O secretario do grupo pode ler todas as conclusións e aportacións deste grupo que foron enviadas á diocese, para a síntese correspondente á fase diocesana da arquidiocese de Santiago.

4 MOMENTO DE DESPEDIDA ORANTE CELEBRATIVO

CANCIÓN: "VAIAMOS TODOS XUNTOS" de Manuel Rico e Ana M^a Fernández
<https://www.youtube.com/watch?v=J8XTyBLjroU>

▶ *Esta sesión pódese facer un día aparte ou ben ao final da sesión 3*

SÍNTESE DO TRABALLO REALIZADO NO GRUPO

Acta do SECRETARIO/A

Nº de PERSOAS QUE PARTICIPAN no grupo:

ÁMBITO AO QUE PERTENCE o grupo:

Os aquí reunidos, exercendo a nosa responsabilidade e participación neste sínodo, queremos facer chegar a nosa voz ao conxunto da Igrexa. Estas son as nosas **CONCLUSIÓN**S do traballado no noso grupo:

Bloque 1: ACOMPAÑANTES DE VIAXE. A ACOLLIDA

Bloque 2: CELEBRAR A FE E A VIDA

Podes facernos chegar esta síntese, ANTES do 15 de FEBREIRO de 2022 a esta dirección:

sinodo21_23@archicompostela.org

GRAZAS polo voso tempo e participación!!

SÍNTESE DO TRABALLO REALIZADO NO GRUPO

Acta do SECRETARIO/A

Nº de PERSOAS QUE PARTICIPAN no grupo:

ÁMBITO AO QUE PERTENCE o grupo:

Os aquí reunidos, exercendo a nosa responsabilidade e participación neste sínodo, queremos facer chegar a nosa voz ao conxunto da Igrexa. Estas son as nosas **CONCLUSIÓNS** do traballado no noso grupo:

Bloque 3: ESCOITAR E TOMAR A PALABRA

Bloque 4: PARTICIPAR E COMPARTIR RESPONSABILIDADES

Podes facernos chegar esta síntese, **ANTES do 15 de MARZO de 2022** a esta dirección:

sinodo21_23@archicompostela.org

GRAZAS polo voso tempo e participación!!

SÍNTESE DO TRABALLO REALIZADO NO GRUPO

Acta do SECRETARIO/A

Nº de PERSOAS QUE PARTICIPAN no grupo:

ÁMBITO AO QUE PERTENCE o grupo:

Os aquí reunidos, exercendo a nosa responsabilidade e participación neste sínodo, queremos facer chegar a nosa voz ao conxunto da Igrexa. Estas son as nosas **CONCLUSIÓNS** do traballado no noso grupo:

Bloque 5: DIALOGAR NA IGREXA E NA SOCIEDADE

Bloque 6: DISCERNIR E DECIDIR

Podes facernos chegar esta síntese, ANTES do 15 de MAIO de 2022 a esta dirección:

sinodo21_23@archicompostela.org

GRAZAS polo voso tempo e participación!!

SÍNTESE DO TRABALLO REALIZADO NO GRUPO

Acta do SECRETARIO/A

Nº de PERSOAS QUE PARTICIPAN no grupo:

ÁMBITO AO QUE PERTENCE o grupo:

Os aquí reunidos, exercendo a nosa responsabilidade e participación neste sínodo, queremos facer chegar a nosa voz ao conxunto da Igrexa. Estas son as nosas **CONCLUSIÓNS** do traballado no noso grupo:

EXPERIENCIA DE SINODALIDADE ANTERIOR VIVIDA

Que experiencias de camiñar xuntos na nosa Igrexa local temos vivido?

- Trazos que definen a alegría:
- Trazos que concreten dificultades e obstáculos:

EXPERIENCIA DE SINODALIDADE ACTUAL VIVIDA


Como foi esta experiencia de camiñar xuntos?

- Aprendizaxe realizada:
- Dificultade atopada:
- Soño alimentado:
- Propostas concretas de futuro para a túa parroquia/movemento na diocese:

Podes facernos chegar esta síntese, ANTES do 15 de MAIO de 2022 a esta dirección:

sinodo21_23@archicompostela.org

GRAZAS polo voso tempo e participación!!



#PorUnhaIgrexaSinodal
#IgrexaEnCamiño
#IgrexaQueEscoita

**"A Igrexa avanza, camiña xunta, é sinodal.
Pero sempre é o Espírito
o gran protagonista da Igrexa"**

Papa Francisco,
Discurso do Santo Padre aos fieis en Roma o 18.IX.2021

**"O Sínodo é un exercicio necesario e experiencia de beleza.
É unha ocasión para escoitar, ser escoitado e consultar.
É comuñón de vida, de caridade e de verdade:
relación de unidade e amor; participación na vida de Deus
pola Palabra e os Sacramentos; comuñón-unidade das
Igrexas locais como corresponsabilidade da vida
e misión da Igrexa."**

D. Julián Barrio,
Asamblea Apertura fase diocesana do Sínodo 2021-2023 o 17.X.2021



ARQUIDIOCESE DE
SANTIAGO 
DE COMPOSTELA